

CONCELLERÍA DA ÁREA
DE GOBERNO DE FOMENTO,
SERVICIOS E DEPORTES

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 2059/441

MEMORIA ECONÓMICA PARA A CONTRATACIÓN DAS OBRAS DE “RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL – CIIES – DO CONCELLO DE VIGO”.

1.- OBXECTO DO CONTRATO

A execución das obras do proxecto básico e de execución para a “RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL – CIIES – DO CONCELLO DE VIGO”, redactado polos Arquitectos Municipais da Xerencia Municipal de Urbanismo D. JUAN LUIS PIÑEIRO FERRADÁS e D. DAVID CARVAJAL RODRÍGUEZ-CADARSO, cun orzamento base de licitación máis IVE de DOUSCENTOS TRINTA E NOVE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS con SETENTA E SETE CÉNTIMOS (239.458,77 €). Expte. 6374-443.

O proxecto ten por obxecto definir as obras da renovación da cuberta do Centro Integral de Inclusión e Emerxencia Social CIIES, sito na rúa Marqués de Valterra. Proxectase a renovación integral das cubertas do edificio pola necesidade de mellora-las súas condicións de estanqueidade e por mellora-las condicións de illamento térmico do inmovible. Existen moitas zonas da cuberta nas que se tiveron que executar arranxos puntuais nos derradeiros anos para corrixilas filtracións de auga que chegaron a afectar a moitas dependencias do centro.

Por outra banda, a cuberta existente é a cuberta orixinal do edificio, na que non existe illamento térmico algún, polo que as perdas enerxéticas son moi elevadas afectando ás condicións de habitabilidade do edificio e supoñendo ademais un elevado desembolso económico para o Concello de Vigo en consumo enerxético.

O contrato, polo seu obxecto, cualifícase como **contrato de obras**, segundo o previsto no artigo 13 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

2.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

a) Prezo do contrato e Orzamento base de licitación:

En cumprimento do artigo 102 da LCSP, o prezo que servirá como base para a execución deste contrato, está formulado en termos de prezos unitarios e determinado en base ao proxecto de obra aprobado, e resulta adecuado para o efectivo cumprimento do obxecto do contrato e de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2024 12:08	Páxina 1 de 4
2059-441	CSV: ABA951-83BDB8-DE3949-L8UL23-BS3KAY-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA DA ÁREA
DE GOBERNO DE FOMENTO,
SERVICIOS E DEPORTES

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 2059/441

acordo cos prezos xerais do mercado, os cales atópanse descompostos nas unidades vinculadas no proxecto.

O prezo do contrato é de **DOUSCENTOS TRINTA E NOVE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS con SETENTA E SETE CÉNTIMOS (239.458,77 €)**, sendo o importe correspondente ao IVE de 41.558,96 €.

O orzamento base de licitación correspóndese co límite máximo de gasto que en virtude do contrato pode comprometer o órgano de contratación, incluído o IVE, e desagregarase indicando os custos directos e indirectos e outros eventuais gastos calculados para a súa determinación (artigo 100 LCSP).

O orzamento do proxecto de obra aprobado considera un porcentaxe de custes indirectos e os mesmos atópanse aplicados aos prezos descompostos nos que se dividen as unidades de obra.

O orzamento base de licitación, determinado no proxecto de obra aprobado, ascende a un total de **DOUSCENTOS TRINTA E NOVE MIL CATROCENTOS CINCUENTA E OITO EUROS con SETENTA E SETE CÉNTIMOS (239.458,77 €)**

b) Anualidades:

2024	239.458,77 €
------	--------------

c) Valor estimado do contrato e método de cálculo:

Tal e como establece o artigo 101 LCSP, o valor estimado do contrato está calculado en base os custos derivados da execución material do proxecto de obra aprobado, os gastos xerais de estrutura e o beneficio industrial, tendo en conta as modificacións á alza previstas, así como os custes derivados da aplicación das normativas laborais vixentes.

En base ao anterior, o valor estimado do contrato estipúlase en **DOUSCENTOS TRINTA E SETE MIL CATROCENTOS SETENTA E NOVE EUROS con SETENTA E SETE CÉNTIMOS (237.479,77 €)**.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2024 12:08	Páxina 2 de 4
2059-441	CSV: ABA951-83BDB8-DE3949-L8UL23-BS3KAY-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

CONCELLERÍA DA ÁREA
DE GOBERNO DE FOMENTO,
SERVICIOS E DEPORTES

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 2059/441

	IMPORTE
ORZAMENTO EXECUCIÓN MATERIAL	166.302,36 €
GASTOS XERAIS (13%)	21.619,31 €
BENEFICIO INDUSTRIAL (6%)	9.978,14 €
MODIFICACIÓNS Á ALZA PREVISTAS (20%)	39.579,96 €
VALOR ESTIMADO DO CONTRATO	237.479,77 €

3.- REVISIÓN DE PREZOS

Non procede a revisión de prezos, tendo en conta que os mesmos permanecerán estables dentro do tempo de execución previsto.

4.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012 DE 7 DE ABRIL

Para o seo financiamento aplicaranse os créditos do orzamento do Concello de Vigo, na partida orzamentaria 2310.632.00.01 (INVESTIMENTO DE REPOSICIÓN EN C.S. SOCIAIS), proxecto de gasto 24231002, segundo a distribución de anualidades proposta.

A proposta de gasto non suporá ningún desequilibrio orzamentario por atoparse contemplada no orzamento. O gasto proposto non contempla ningunha outra obriga que se derive do mesmo, xa que a mesma ten a consideración da execución dunha obra de carácter finalista para o Concello, o que redundará nun aforro de mantementos e consumos para o Concello de Vigo.

5.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

Os pagamentos verificaranse contra certificacións mensuais acompañadas de relación valorada, expedidas polo director facultativo da obra.

Así mesmo, o contratista deberá presentar factura por igual importe que o da certificación, conforme ao previsto nos artigos 198.2 e 240 da LCSP.



Copia do documento - Concello de Vigo
2059-441

Data impresión: 14/10/2024 12:08 Páxina 3 de 4
CSV: ABA951-83BDB8-DE3949-L8UL23-BS3KAY-FD

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>

CONCELLERÍA DA ÁREA
DE GOBERNO DE FOMENTO,
SERVICIOS E DEPORTES

CONCELLO
DE VIGO



Expediente: 2059/441

As facturas electrónicas a emitir deberán axustarse ao establecido na Lei 25/2013 de 27 de decembro, de impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de facturas no Sector Público.

Na factura deberán constar os seguintes extremos:

- Unidade tramitadora: GE0000611 Vías e Obras
- Oficina contable: GE0000575 Servizos Económicos/ Intervención
- Órgano xestor: L01360577 Concello de Vigo

En consecuencia aos antecedentes descritos, propónse o Concelleiro Delegado da Área de Fomento remitir a presente memoria económica para continuar a contratación das obras do proxecto de **“RENOVACIÓN DAS CUBERTAS DO CENTRO INTEGRAL DE INCLUSIÓN E EMERXENCIA SOCIAL – CIIES – DO CONCELLO DE VIGO”**.

Vigo, na data da sinatura electrónica

A Xefa do Servizo Administrativo e de Control Orzamentario (Resolución do Concelleiro de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes de data 24.07.2024), a Técnica de Xestión.- Ruth Gallego Santos

O Xefe da Área de Benestar Social.- Jesús Núñez Torrán.

CONFORME,

O Concelleiro de Área de Goberno de Fomento, Servizos e Deportes- F. Javier Pardo Espiñeira.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 14/10/2024 12:08	Páxina 4 de 4
2059-441	CSV: ABA951-83BDB8-DE3949-L8UL23-BS3KAY-FD	

Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección <http://www.vigo.org/csv>